

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D.^a M.^a del Carmen Torreiro González
D. Leonardo Bermúdez Taboada
D.^a Aurora Varela Duro
D. Inacio García Couso

D. Antonio Orois Valiño
D.^a M.^a Rosario Vázquez Orois
D. Alfonso Orois Conde
D.^a Cristina Castro Pampin
D. Alfonso Lodeiro Regueiro
D. Javier Rodríguez Vázquez

D.^a Begoña Balado Conde

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

Interventora:

D.^a Olga Castro Fernández

ACTA

En Arzúa, 5 de febreiro de 2013

Sendo as 20:10 horas reúnense no Salón de Sesiós da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non asistindo a esta sesión a concelleira D.^a Natalia Pereira Rey.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

Punto 1º **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN**

ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2012.-

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º **MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO, NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2012, AO RESOLVER SOBRE O PUNTO 2º) DA SÚA ORDE DO DÍA, NOMEADO “PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013”**

Polo secretario dáse lectura do ditame emitido pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2013, que consta recollido na acta levantada de dita sesión, no seguinte sentido:

“A presidenta desta comisión informativa Sra. Varela Duro, expón que o Presidente da Deputación Provincial remitiu un escrito a este Concello, indicando as correccións que había que facer no citado acordo plenario, sendo a máis importante delas o ter que cambiar o proxecto técnico aprobado naquela sesión, referido á obra incluída no POS 2013 nomeada “Instalación de medidas de aforro no alumado público”, por canto que ese proxecto non se adapta ás bases do Plan de Obras e Servizos 2013, xa que nesas bases dispónse que “non se poden incluír as adquisicións de subministracións ou adquisicións de bens para o concello, senón que só se poderán incluír obras propiamente ditas”

Polo que, de común acordo os seis concelleiros asistentes (3 do PP, 2 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) propoñen ao Pleno do Concello que, en lugar do proxecto indicado, se inclúa no POS 2013 o proxecto técnico referido á obra nomeada “Camiño A Pena-Igrexa (San Martiño)”, que foi elaborado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data xaneiro de 2013, polo mesmo orzamento total que quedara previsto para o proxecto substituído, 32.635,30 euros.”

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer que, aínda que nun principio votara a favor da inclusión da instalación de medidas de aforro no alumado público, por consideralo necesario, ao non poder ser incluída esa instalación no Plan de Obras e Servizos 2013, está de acordo coa obra que se propuxo para a súa substitución na sesión da Comisión informativa.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que a obra proposta, na sesión da Comisión informativa do día 1 do presente mes, foi acordada en total consenso dos tres grupos políticos representados en dita comisión.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para indicar que está de acordo coa obra proposta pola Comisión informativa.

Tras informar o secretario do contido do escrito remitido polo Presidente da Deputación Provincial, (recibido neste Concello o día 15 de xaneiro de 2013), a través do cal se indican as correccións que procede realizar á documentación refirida ao POS 2013, remitida o día 26 de decembro de 2012.

E tendo en conta que esas correccións consisten na necesidade de substituír o proxecto técnico “Instalación de medidas de aforro no alumado público”, por non consideralo unha obra propiamente dita e na corrección do Anexo II relativo á previsión de gastos correntes; posto que o erro numérico apreciado na documentación remitida, cando se realizou a suma das aportacións da Deputación e das aportacións do concello, xa foi subsanado no momento de elaborar a acta de dita sesión.

Polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2012, ao resolver sobre o punto 2º) da súa Orde do día, nomeado “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013”; de maneira que a obra que naquela sesión se acordou incluír en dito plan, co título de “**Implantación de medidas de aforro no alumeadado público**”, cuxo proxecto técnico foi confeccionado polo arquitecto técnico municipal Don Luis Fole Barrio, con data decembro de 2012, por un orzamento total de 32.635,20 euros, quede substituída pola obra “**Camiño A Pena-Iglesia (San Martiño)**”, cuxo proxecto técnico foi elaborado polo enxeñeiro de camiños Don Julio Rojo Martínez, con data xaneiro de 2013, polo mesmo orzamento total de 32.635,30 euros.

Segundo.- Facer saber que, como para a execución da obra “Camiño A Pena-Igrexa (San Martiño)”, precísase autorización do Director Xeral do Patrimonio Cultural, a resolución pola cal se autorice a execución de dita obra será remitida á Deputación Provincial tan pronto como sexa notificada a este Concello

Terceiro.- Manter os restantes acordos incluídos no acordo plenario do día 20 de decembro de 2012.

Cuarto.- Correxir o Anexo II relativo á previsión de gastos correntes 2013, no sentido indicado pola Deputación Provincial.

En consecuencia cos acordos agora adoptados, o acordo plenario de 20 de decembro de 2012, obxecto de modificación, queda redactado nos seguintes termos:

“1.- Aprobado o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
CAMIÑO QUINTAS A OUTEIRO (BURRES)	36.106,17 €	1.900,33 €	38.006,50 €
CAMIÑO A PENA-IGREXA (SAN MARTIÑO)	31.003,53 €	1.631,77 €	32.635,30 €
REPOSICIÓN DE PAVIMENTO NO ENTORNO DO MERCADO DE ARZÚA	68.065,90 €	3.582,42 €	71.648,32 €
CAMIÑO DE TORNEIROS (A MELLA) E OUTRO	41.328,87 €	2.175,20 €	43.504,07 €
SUBTOTAL OBRAS	176.504,47 €	9.289,72 €	185.794,19 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	189.622,74 €
-----------------------------------------------------------------	--------------

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	176.504,47 €	9.289,72 €	185.794,19 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	189.622,74 €		189.622,73 €
T O T A L	366.127,21 €		375.416,92 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
CAMIÑO EN FONXE STA. MARÍA E OUTRO	30.000,00 €
TOTAIS	

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Punto 3º) MOCIÓN CONXUNTA DOS TRES GRUPOS REPRESENTADOS NESTA CORPORACIÓN SOBRE O GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

Por indicación do alcalde, o secretario dou lectura do ditame que –en relación con esta moción- emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2012, no seguinte sentido:

“Coñecido, por todos os integrantes desta comisión informativa, que o contido da moción é o seguinte:

“O Goberno Galego vén de dar a coñecer os novos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que redefinen o mapa de emerxencias de Galicia e implican a desaparición dos GRUMIR naqueles concellos onde existe un parque de bombeiros para redistribuilos en zonas e municipios que carecen de persoal de emerxencias, a pesar de que ambos servizos cumpren funcións absolutamente distintas.

Esta medida afecta aos concellos da nosa comarca e de xeito especial a Arzúa, sede da agrupación, que se verá privada do traballo do GRUMIR ao reubicar o novo grupo noutro concello que non prestará servizo á nosa comarca e que carece de infraestrutura e do persoal necesario para que poida ser eficaz, o que supón un gasto totalmente innecesario e inxustificable nunha época de grave crise económica como a que estamos padecendo; máxime cando en Arzúa quedarían inutilizadas unhas insalacións practicamente novas e uns vehículos perfectamente acondicionados.

A distribución dos novos grupos foi consensuada entre a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais e a Fegamp e contou co acordo de todos os grupos políticos que, incomprendiblemente, decidiron que ningún dos novos grupos de emerxencia se instalaría naqueles concellos onde haxa actualmente un parque de bombeiros porque así se establece no Pacto Local; non dan luz verde sen embargo a moitos outros acordos que tamén están recollidos neste mesmo documento e que se están incumprindo, como é no caso de Arzúa a asunción dos gastos de mantemento do Colexio Público de Educación Infantil e Primaria, aos que está facendo fronte o Concello cando lle corresponde á Xunta de Galicia o pago dos mesmos.

A aprobación da nova distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais conleva unha serie de graves prexuízos para todos os nosos veciños e veciñas, que se verán privados da axuda que dende o ano 1997 lles viñan brindando os 15 traballadores da brigada, que agora ademais quedarán sen o seu posto de traballo. O servizo do GRUMIR é imprescindible nun concello tan extenso e diseminado como é o noso caso; hai que ter en conta ademais a súa importante labor de asistencia aos milleiros de peregríns que nos visitan cada ano, ao ser Arzúa a última etapa importante do Camiño de Santiago ás portas de Compostela. Fundamental é tamén a súa labor na atención ás vítimas dos accidentes de tráfico, máxime cando Arzúa concentra nun tramo de apenas 15 kms un total de tres puntos negros sen esquecer que o seu traballo abrangue, ademais, a todos os concellos da contorna: Melide, Touro, Santiso, O Pino, Toques, Boimorto...

Ante esta situación os Grupos Políticos da Corporación Municipal de Arzúa propoñen a aprobación polo Pleno do seguinte ACORDO:

-Instar á Xunta de Galicia a que reconsidere a distribución dos novos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, e manteña a sede dun destes grupos en Arzúa ante a imperiosa necesidade do servizo na comarca.

-Instar á Xunta de Galicia a subrogar aos traballadores do GRUMIR de Arzúa nos novos Grupos de Emerxencia Supramunicipais.

-Remitir esta moción ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente da Fegamp.”

* Intervén a presidenta desta comisión informativa, a Sra. Varela Duro (do BNG), para expoñer:

-Que esta moción conxunta ten por obxecto manifestar o noso desacordo coas medidas que adoptou a Xunta de Galicia con respecto á distribución dos GRUMIR, que foi trasladado para o Concello de Curtis, sen ter en conta a situación xeográfica do Concello de Arzúa e o prexuízo que se pode ocasionar aos Concellos limítrofes.

-Que como Arzúa ten parque de bombeiros non poderemos recurrir aos servizos que presta o GRUMIR, que non poderán ser substituídos na súa totalidade polos bombeiros. O cal vai en prexuízo dos veciños de Arzúa.

* Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que as funcións do GRUMIR non teñen nada que ver cas funcións dos bombeiros; estamos nun punto estratéxico do Camiño de Santiago e o GRUMIR está atendendo aos peregrinos todos os días, esas funcións non as van facer os bombeiros.

* Intervén o Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que hai algunha función coincidente coa dos bombeiros, como as funcións en caso de emerxencia.

* Preguntase a Sr. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), ¿que vai pasar co coche e cas instalacións?

* Manifesta a Sra. Varela Duro (do BNG), que o GRUMIR iniciouse no 1997, polo tanto as instalacións están ben, e poderíase buscar algunha alternativa para elas.

* Manifesta o Sr. Orois Valiño (do PP), que debería haber un período de cinco anos para tratar de readaptar as cousas, pero desta maneira e imposible.

* Indica a Sra. Balado Conde que tamén hai que pensar na xente que queda no paro.

Rematadas as intervencións, -por unanimidade dos seis concelleiros asistentes (3 do PP, 2 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE)- conviuse en propoñer ao Pleno do Concello a adopción dos tres acordos incluídos nesta moción.”

Seguidamente fixo uso da palabra o Sr. alcalde para expoñer:

-Que a idea de presentar conxuntamente esta moción parte da información aparecida de que se suprimía o GRUMIR de Arzúa e doutros concellos; o cal supón unha perda de doce postos de traballo, engadidos aos tres do grupo estable.

- Que, tal como se dixo na sesión da comisión informativa, non ten as mesmas funcións o Grupo Municipal de Intervención Rápida que os bombeiros.

- Que non se pararon a estudar o caso concreto de cada lugar, senón que decidiron que onde hai bombeiros non quede o GRUMIR, sen ter en conta a problemática de cada Concello, como sería o caso de Arzúa no que conflúen tres rutas do Camiño de Santiago ou o tramo de estrada de Boente ata Burres onde hai moitos accidentes de tráfico.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que nós estamos totalmente en desacordo co mapa que se elaborou, porque aquí en Arzúa non ten nada que ver a función que fai o GRUMIR coa función dos bombeiros. O GRUMIR está levando a cabo funcións como a regulación do tráfico cando hai funerais ou o tema dos peregrinos, que non as van facer os bombeiros.

- Que a xente que integraba o GRUMIR vai quedar sen traballo, nunha época de tanta crise económica, e isto tamén repercute negativamente nos veciños de Arzúa.

- Que considera que deberíamos mobilizarnos e facer concentracións cos membros do GRUMIR, porque a súa desaparición en Arzúa implica moito trastorno.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que as funcións dos bombeiros non son as do GRUMIR; aínda que hai funcións que son complementarias.

- Que nós estamos en contra da desaparición do GRUMIR, cando os grupos políticos toman unha decisión de carácter xeral ten que haber excepcións, a excepción de Arzúa é defendible, xa que se trata dun caso puntual e específico, porque temos unha etapa do Camiño de Santiago e o Grumir ten unhas funcións específicas e concretas, aparte de que poida colaborar cos bombeiros ou con outras institucións en momentos determinados.

- Que estamos en contra da supresión do GRUMIR de Arzúa, porque seguramente en Galicia non hai outro GRUMIR como o de Arzúa que teña unhas funcións tan concretas e específicas; e as funcións que vai ter o GRUMIR en Curtis non van ser nin a cuarta parte que as que tiña en Arzúa.

- Que o GRUMIR de Arzúa ten todo o noso apoio nas súas reivindicacións, que son xustas, van contar co apoio do Partido Popular de Arzúa.

- Que calquera medida a nivel político de carácter xeral ten que dar pé ás excepcións que poida haber, e Arzúa tiña que ser unha das excepcións por todo o dito.

*Da Sra. Varela Duro (doBNG) para expresar:

- Que nos puntos máis importantes da actividade que realizaba o GRUMIR estamos todos de acordo.

- Que o GRUMIR en Arzúa estaba desempeñando unha labor moi importante, pero non só polo Camiño de Santiago, que está tendo cada vez máis afluencia de peregrinos, senón tamén polo servizo que prestaba a outros concellos.

- Que, por razón dos cometidos que lle delegou o alcalde, ela chamounos frecuentemente para moitas cousas e sempre foi moi ben atendida, sendo responsables no traballo que tiveron que realizar.

- Que a cidadanía ten que ser consciente da importancia que tiña o GRUMIR en Arzúa, e invita á cidadanía a que apoiem ao GRUMIR, porque non se van dar conta da súa importancia ata que estean sen el; os bombeiros non van suplantar a súa labor.

- Que é unha paradoxa da política do Partido Popular na Xunta de Galicia, porque por unha parte quere recortar e por outra deixa aquí unhas instalacións que están funcionando para montalas noutro lado.

- Que outra cousa moi importante son os postos de traballo, o cal ten unha incidencia para Arzúa.

- Que o que se está facendo é irracional; hai que seguir insistindo e loitando, e se hai que saír a manifestarse haberá que facelo, e invita á cidadanía a que o considere tamén, porque trátase dunha grande perda para Arzúa e comarca.

*Do Sr. alcalde para expresar:

- Que os factores que se utilizaron para recompoñer o mapa dos servizos de emerxencia, foron o carácter supramunicipal, e aquí Arzúa xa o tiña, porque non só atendía emerxencias do propio Concello, senón concellos do arredor como Boimorto, Melide, Touro, O Pino, Santiso, aparte da formación dos traballadores, que levan xa moito tempo traballando, e no lugar onde se van poñer teran que formalos, co cal o aspecto de aforro queda en entredito.

- Que os tres grupos aquí representados solicitamos unha reunión co Vicepresidente da Xunta, máis que nada para trasladar estas características propias de Arzúa, que non se tiveron en conta.

*Solicita o uso da palabra o Sr. Orois Valiño (do PP) para facer un inciso, co fin de indicar que o que parece realmente unha falta de sentido común, é que está medida fose consensuada pola Xunta de Galicia, polas Deputacións Provinciais e pola Federación Galega de Municipios e Provincias, e contou co acordo de todos os grupos políticos.

Polo tanto houbo un desamparo total hacia o GRUMIR de Arzúa, non só por parte do Partido Popular senón tamén por parte de todos os grupos. O Partido Popular ten máis responsabilidade porque está no goberno, pero todos teñen responsabilidade tamén.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as tres propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a que reconsidere a distribución dos novos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, e manteña a sede dun destes grupos en Arzúa ante a imperiosa necesidade do servizo na comarca.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a subrogar aos traballadores do GRUMIR de Arzúa nos novos Grupos de Emerxencia Supramunicipais.

Terceiro.- Remitir esta moción ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente da Fegamp.

*Punto 4º) **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2013.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de contas e de economía e facenda, na sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2013; no seguinte sentido:

"A Presidenta explica que este expediente foi elaborado como consecuencia da existencia de facturas procedentes do ano 2012 que non puideron ser imputadas ao exercicio anterior, porque tiveron entrada no Concello en data posterior á da celebración da última Xunta de Goberno do ano pasado, e que polo tanto quedaron sen aprobar.

Toma a palabra a interventora para informar que a Lei esixe aprobar este tipo de expedientes para poder aprobar con cargo ao orzamento corrente facturas procedentes de exercicios anteriores. Sole pasar no mes de xaneiro que se rexistren facturas con data de decembro, pero presentadas en xaneiro, que se corresponden con gastos do ano anterior. A peculiaridade que presentan estas facturas é que non poden ser aprobadas por Decreto da Alcaldía nin por Acordo da xunta de Goberno Local, senón que teñen que ser aprobadas polo Pleno.

Intervén a Sra. Vázquez Orois (do PP) preguntando si estas facturas teñen algo que ver cunhas facturas de FENOSA que estaban retrasadas.

Contesta a interventora que non, que esas facturas de FENOSA eran facturas retrasadas doutros anos, e que estas refírense só a facturas datadas do mes de decembro que foron presentadas no Concello no mes de xaneiro, e polo tanto rexistradas neste último mes. As facturas están reflexadas no expediente, e son as seguintes:

TERCEIRO	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE €
TESAGUA TECNOLOGIAS S.R.L.	216	20/12/2012	Servizo de mantemento EDAR mes de decembro	6.025,49
SOGAMA	3252	31/12/2012	Tratamento de residuos mes decembro	8.780,38
COGAMI RECICLADOS DE GALICIA SL	0101-1201318	30/11/2012	Xestión punto limpo mes decembro	1.540
ANTONIO FILLOY SA	24	27/12/2012	Importe cert. Núm. 1 "Pavimentación Entorno Igrexa de Burres e Outros"	51.539,01
			TOTAL	67.884,88

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE €
GAS NATURAL SUR SDG SA	Subministración enerxía eléctrica na Escola Infantil	227,3
	Subministración enerxía eléctrica en alumeados públicos	5905,02
	Subministración de enerxía eléctrica en escolas	482,47
	Subministración enerxía eléctrica noutras dependencias	1000,92
	TOTAL	7615,71

UNION FENOSA COMERCIAL SL	Subministración enerxía eléctrica en alumeados públicos	3474,69
	Subministración de enerxía eléctrica en escolas	1573,5

	<i>Subministración enerxía eléctrica noutras dependencias</i>	3715,39
	TOTAL	8763,58

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por unanimidade dos sete concelleiros asistentes, o acordo de informar favorablemente a aprobación deste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2013.”

Coñecido que as facturas pendentes de pago foron as que quedaron descritas no anterior ditame da Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda.

Polos voceiros dos tres grupos políticos representados nesta Corporación, realizáronse as seguintes manifestacións:

* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), que está de acordo co recoñecemento das facturas que son obxecto deste expediente.

* O Sr. Orois Valiño (do PP), que ratifica o ditame emitido pola Comisión especial de Contas.

* A Sra. Varela Duro (do BNG), que está de acordo tamén co ditame da Comisión especial de Contas.

Visto o informe emitido polo interventora con data 29 de xaneiro de 2013.

Adoptouse –por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de recoñecer as obrigas ás que se refire este expediente e que figuran descritas no mesmo, polos importes que quedaron indicados; dispoñendo que se efectúe o pagamento das mesmas.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL.

Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE DURANTE OS MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO E NOVIEMBRE.-

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde dende o día 3 de setembro de 2012 –en que foi ditada a resolución máis inmediata a última de 31 de agosto de 2012 (da cal se dou conta noutra sesión plenaria)- ata a ditada o día 29 de novembro de 2012.

Estando referida a primeira resolución (*reflectida no folio 6.943 volto e 6.944*) a aprobación de facturas, cuxo importe individualizado e inferior a 3.000 euros, por ser esta a cantidade que se reservara o alcalde para dispoñer de gastos, posto que a

aprobación dos gastos que excedan de dito importe –dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011; mentres que a última resolución (*reflectida no folio 7.041 e volta*) está referida á aprobación dun expediente de modificación orzamentaria, sobre xeración de créditos, tramitado ao abeiro da Base 14ª da execución do orzamento municipal.

Punto 2º) DAR CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN ESIXIDOS POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo secretario indícase que eses informes refírense ao 3º e ao 4º trimestre do pasado exercicio económico, cuxo informes foron emitidos pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurran mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistros de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron os seguintes informes:

* Un, con data 22 de xaneiro de 2013, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xullo e 30 de setembro de 2012, salvo erro ou omisión, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no terceiro trimestre de 2012:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	82	162
Importe total	126.121,92 euros	215.972,64 euros

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	168	226
Importe total	171.238,35 euros	271.567,36 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

d) Xuros de mora pagados no terceiro trimestre de 2012: 462,02 euros.

* Dous, con data 30 de xaneiro de 2013, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de outubro e 30 de decembro de 2012, salvo erro ou omisión, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no terceiro trimestre de 2012:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	421	357
Importe total	491.853,41 euros	376.121,60 euros

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	137	10
Importe total	262.872,93 euros	24.985,81 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de

facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada polo tesoureiro e pola interventora.

Segundo.- Dar traslado dos informes emitidos, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

MOCIÓN

Antes de pasar a rolda de rogos e preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Manifestando o voceiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Orois Valiño, que o seu grupo político dexasaba presentar unha moción, **para que a Xunta de Galicia priorice os traslados sobre os novos ingresos nas residencias de maiores**; sendo o contido de dita moción o seguinte:

“A casuística fai que moitas veces se amparen na mesma cuestión de meras coincidencias ou que dan pé a meras especulacións. Pero no caso que nos atopamos poden servir como proba de que a normativa ou usos aplicables non é a máis idónea ou axeitada, e respecto a esta apreciación, a exposición suscinta que imos facer, parece palmaria.

Na residencia de maiores de Arzúa, rexentada pola FUNDACIÓN SAN ROSENDO, existen unhas prazas concertadas coa Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e de Benestar), que son ocupadas por maiores que poden proceder de toda a comunidade autónoma.

Dáse o caso, de forma reiterada, que estas prazas concertadas son ocupadas por persoas, non só de comarcas limítrofes senón tamén por outras de zonas moi alonxadas, ás que non se lle discute dereito algún, pero que moitas veces son trasladadas a dita residencia contra a súa vontade, por proceder de concellos moi distantes a Arzúa e ás que se podería dar, segundo consideramos, unha solución máis satisfactoria.

Este feito sucede igualmente con maiores de Arzúa que son trasladados a residencias, moitas veces lonxe da nosa comarca, o que conleva un prexuízo para os mesmos e para as súas familias, xa que nalgún casos nin sequera poden ser visitados cun mínimo de frecuencia apetecible.

Polo tanto danse dous feitos:

Primeiro.- Veñen maiores a ocupar praza concertada na residencia de Arzúa, podendo seguramente optar (se se consideran os argumentos que se fan na presente moción) por outra máis achegada ao seu domicilio anterior ou da súa familia, o que causa contrariedade tanto aos ingresados como os familiares, amigos ou veciños que os visitarían, sen xénero de dúbidas, cunha maior frecuencia.

Segundo.- Xa se teñen dado e dan varios casos de xente maior de Arzúa e zonas limítrofes, que son ingresados en residencias alonxadas, tal como se expresou, o que ten imposibilitado e imposibilita, en moitos casos de forma dorosa, ser visitados pola súa xente.

Exposta a problemática xurdida, consideramos que a situación pódese revertir en beneficio de todos, sendo necesario que os trasladados dos ingresados en calquera residencia teñan preferencia aos novos ingresos. Isto pode ter un maior custo burocrático (non económico); un pouco máis, permítasenos a expresión, de “papeleo” pero sería un sistema máis xusto.

Para amosar o dito deixase constancia dun dos moitos exemplos que se poden verificar pola Consellería de Traballo e Benestar Social: hai escasas datas foi trasladada como novo ingreso unha persoa maior desde a cidade de A Coruña á residencia de Arzúa, para ocupar unha praza concertada. Esta persoa, segundo informacións recibidas, non quere estar na nosa localidade por permanecer lonxe da súa familia. Aproveitando tamén para dicir que as conexións de transporte público de Arzúa coa capital de provincia son precarias.

Doutro lado, que se saiba hai dúas persoas de Arzúa ingresadas en prazas concertadas, unha concretamente en Carballo (A Coruña), cuxa situación, neste caso de grao de dependencia, a imposibilita a decidir por si mesma, pero con clara intención da súa familia para retornala á nosa comarca. Estas situación está causando quebrantos e penas que só eles e as súas familias padecen. O nome desta persoa, que está ingresada en Carballo, é Elida Vaamonde Fernández (a que se menciona con permiso da súa familia); nai dun único fillo que vive en Arzúa con poucos recursos económicos. Pois ben, Elida Vaamonde, que parece ter o número dous para traslado a Arzúa, leva ingresada en Carballo prácticamente un ano e medio; posiblemente o que ten o número un na lista de trasladados para Arzúa (cuxo nome descoñecemos neste momento) estará en situación similar; que hai que corrixir.

En ningún caso se pretende alterar a orde na lista de trasladados (o número un debe ter preferencia sobre o dous como e lóxico); pero é necesario deixar de facer distincións se así se está facendo entre incapacidades de distintos graos (fundamentalmente grao 2 e 3) para trasladados a prazas concertadas.

Só cabe facerse unha pregunta ¿Non sería máis razoable que a persoa maior de A Coruña, independentemente do grao de discapacidade, fose como novo ingreso á residencia de Carballo, e a de Arzúa fose previamente trasladada de Carballo a nosa localidade? Á Administración non lle causaría mal algún, xa que a persoa de Arzúa, vindo á residencia desta localidade, deixa necesariamente libre a praza concertada de Carballo, que sería ocupada, de seguro de mellor gana como novo ingreso, polo maior de A Coruña e se lle fose igual polo menos habería un maior e unha familia beneficiada. Loxicamente fálese da arzuana ingresada en Carballo, porque se descoñece onde está ingresada a que ten o número un en trasladados (que reiteramos debe ter preferencia na lista de trasladados), pero o argumentario que se expón seguramente sería igualmente válido para éste.

O que non pode existir é unha lista que vén dar prioridade aos novos ingresos, entre os que se intercala algún traslado; porque, sen faltarlle o respecto a ninguén, non parece razoable. Nin parece razoable un tempo mínimo (como así parece ser) de permanecer como novo ingresado en praza concertada nunha residencia.

Tamén pode pasar que unha ou varias persoas de Arzúa ou comarcas limítrofes teñan que ir a unha residencia de Pontevedra, Ourense ou Lugo a cubrir unha praza concertada, por carecer destas en Arzúa nun momento determinado; pero saberían eles e as súas familias que serían os primeiros en volver a súa terra (salvo que non quixesen facelo por propia vontade). No peor dos casos sempre habería un residente contento, e coa normativa que se está a aplicar é fácil que suceda, se nos cinguimos ao caso exposto e outros semellantes, que os dous maiores e as súas familias estean contrariadas.

Non se critica as actuacións das residencias nin o persoal das mesmas, pero tendo en conta que un dos argumentos por parte do persoal desa Consellería é que o importante é “que os maiores estean ben coidados” sen importar tanto a residencia na que estean ingresados, consideramos que temos que dar un paso adiante para engadir ademais a procura do mellor benestar psicolóxico, que se ve favorecido ao sentir ao carón a presenza da familia, veciños e amigos de toda unha vida.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo político do Partido Popular na Corporación Municipal de Arzúa propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitar á Xunta de Galicia que, a través da Consellería de Traballo e Benestar, adopte as medidas necesarias e regulacións legais correspondentes, para priorizar os trasladados sobre os novos ingresos nas residencias de maiores, dacordo coas consideracións aquí expostas; por considerar ser de xustiza.”

Seguidamente procedeuse a xustificar a urxencia desta moción, para que o Pleno do Concello poida pronunciarse agora sobre a mesma.

Manifestando o Sr. Orois Valiño:

- Que a xustificación da urxencia é o ingreso de persoas de Arzúa en outras residencias, algunha moi lonxana, e o que se pretende é que se dea prioridade para que esas persoas se reintegren na residencia de Arzúa, nas prazas concertadas.

- Que a urxencia é máis que razoable, porque fai falta un tempo para cambiar as normativas e os usos que se utilizan para os traslados e ingresos, e existen casos -como o dunha persoa que leva case ano e medio noutra residencia- porque as prazas concertadas estanse cubrindo con xente de fóra.

- Que o que pretendemos é que a residencia de Arzúa beneficie máis á xente de Arzúa e a urxencia é sobre todo polas familias desas persoas que quedan nunha situación de bastante desamparo.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse a pasar ao debate e votación de dita moción.

Seguidamente o Sr. Orois Valiño explicou o contido da citada moción, cuxo texto quedou transcrito.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que está de acordo co Sr. Orois, pero agora non habería que estar falando dos traslados dos veciños de Arzúa a esta residencia, porque existe un acordo do Pleno no que consta que deberían ter prioridade os veciños de Arzúa.

- Que, no tema da residencia de Arzúa, hai máis puntos a tratar, sobre os cales ten falado o grupo socialista nalgunha das súas reunións, porque debería terse en conta que existe un patrimonio cedido polo Concello e deberíamos coñecer como se xestiona

-Que os veciños de Arzúa deberían ter prioridade, desde o momento en que se cederon os terreos e se gastaron os cartos en facer a residencia.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que a moción agora formulada enfócase basicamente á preferencia da xente de Arzúa nos traslados a esta residencia, polo que as outras cuestións que formula a Sra. Balado Conce haberá que tratalas en outro momento.

- Que hai que conseguir que se manteña a prioridade do traslado da xente de Arzúa que esta fóra, proque están entrando persoas doutros concellos antes que as de aquí; e a residencia é nosa, foi feita para os veciños de Arzúa e iso consta nunha sesión plenaria.

- Que se trata tamén de conseguir, que as persoas que teñen familiares noutras residencias poidan telos mais cerca e, se hai excasez de recursos na familia, con máis razón, para que esas persoas estean próximas, para que non sexa máis lesivo o ir a velos a outras residencias lonxanas.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de acordo que contén dita moción;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.-Solicitar á Xunta de Galicia que, a través da Consellería de Traballo e Benestar, adopte as medidas necesarias e regulacións legais correspondentes, para priorizar os traslados sobre os novos ingresos nas residencias de maiores, dacordo coas consideracións aquí expostas; por considerar que é de xustiza.

Segundo.- Dar traslado dunha certificación deste acordo ao Conselleiro de Traballo e Benestar, para que se sirva ter en conta o acordo agora adoptado.

*Punto 3º) **ROGOS E PREGUNTAS.***

I) Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) fórmulase a seguinte **PREGUNTA** ao Sr. alcalde:

Nun principio o Partido Socialista de Melide e o de Arzúa fixemos unha nota de prensa conxunta, polo tema dos accidentes de tráfico na estrada nacional 547, e tiña previsto presentar unha moción, pero visto que o alcalde reuniuse co Xefe de Estradas do Estado en Galicia, quere preguntarlle agora que nos diga como está ese tema. E, aínda que ela é consciente de que o alcalde dixo na sesión plenaria anterior que as preguntas que se lle formulasen oralmente íbaas contestar na sesión seguinte, considera que tería que facer excepcións, cando se tratase de cuestións de urxencia ou de actualidade, como sería este caso.

Eliminado: ,

Responde o Sr. alcalde que mantivo unha reunión co Xefe de Estradas do Estado e dous enxeñeiros, e quedaron en que ían estudar a información que el levou e mirar a información que tiñan con respecto a este tema na Dirección Xeral de Tráfico, para facer unha avaliación: do estado actual da estrada, da sinalización, do pavimento, etc..., para despois ter unha reunión conxunta a finais deste mes, para ver que medidas se ían tomar.

II) Polo Sr. Oros Valiño (do PP) indícase que formulou un **ROGO** ao Sr. alcalde, na sesión anterior, e como non foi contestado aínda, quere preguntarlle agora se se lle olvidou contestalo.

Manifesta o Sr. alcalde que non se olvidou, posto que xa falou cos interesados.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. Presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 21.00 horas do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.

